

2018/19

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
6º NIVEL DE EDUCACIÓN INFANTIL  
CEIP A MAÍA

## ÍNDICE

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	5
PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE 1º .....	6
COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL .....	6
COÑECEMENTO DO MEDIO.....	7
MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA .....	7
ACHEGAMENTO Á NATUREZA .....	8
CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE .....	9
LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.....	11
LINGUAXE VERBAL.....	11
LINGUAXE AUDIOVISUAL.....	13
LINGUAXE ARTÍSTICA .....	13
LINGUAXE CORPORAL.....	14
PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE 2º .....	16
COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL .....	16
COÑECEMENTO DO MEDIO.....	17
MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA .....	17
ACHEGAMENTO Á NATUREZA .....	19
CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE .....	19
LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.....	21
LINGUAXE VERBAL.....	21
LINGUAXE AUDIOVISUAL.....	23
LINGUAXE ARTÍSTICA .....	23
LINGUAXE CORPORAL.....	25
PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE 3º .....	25

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL .....	25
COÑECEMENTO DO MEDIO.....	27
MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA .....	27
ACHEGAMENTO Á NATUREZA .....	28
LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.....	30
LINGUAXE VERBAL.....	30
LINGUAXE AUDIOVISUAL.....	32
LINGUAXE ARTÍSTICA .....	32
LINGUAXE CORPORAL.....	34
COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA.....	34
COMPETENCIA MATEMÁTICA .....	35
COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO.....	37
TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIGITAL .....	37
COMPETENCIA SOCIAL .....	38
COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA.....	39
COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER.....	40
AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL .....	41
AVALIACIÓN, PROCEDEMENTO E CRITERIOS .....	43
PROCEDEMENTO .....	44
CRITERIOS DE AVALIACIÓN .....	45
COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL .....	45
COÑECEMENTO DO MEDIO.....	46
LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.....	48
PAUTAS METODOLÓXICAS.....	50
ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS XERAIS .....	50
ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE .....	52
TEMPORALIZACIÓN .....	57

PROGRAMACIÓN SEMANAL .....	57
ACTIVIDADES DIARIAS .....	57
RECURSOS E MATERIAIS .....	60
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	61
EDUCACIÓN EN VALORES .....	62
RELACIÓN COA FAMILIA .....	64
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....	65
ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN TIC .....	66
ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA .....	66

## INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

---

A presente programación desenvolve a normativa establecida no D. 330/2009 do 4 de xuño, polo que se establece o Currículo de Ed. Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 23-6-2009) e na orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da Ed. Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 10-7-2009).

A programación didáctica é a anticipación da acción docente-discente que se verificará ou non na práctica, e serve coma ferramenta fundamental para toda tarefa docente.

Este documento está deseñado para as tres unidades do 6º nivel de Ed. Infantil do CEIP A Maía ubicado en Bertamiráns (Concello de Ames). Na actualidade constan de 22, 23 e 23 alumnos respectivamente. Exceptuando 3 novas incorporacións, o resto do alumnado permanece escolarizado dende 4º de Ed. Infantil no mesmo grupo.

## PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE 1º

---

### COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

---

#### **Obxectivos**

- Discriminar partes do corpo.
- Recoñecer a existencia de diferenzas e semellanzas físicas entre as persoas.
- Recoñecer e adoptar distintas posturas corporais.
- Adquirir hábitos elementais de saúde e hixiene e no coidado da roupa e dos xoguetes.
- Expresar os propios gustos e as preferencias.
- Exercitar e potenciar as destrezas manuais.
- Identificar os órganos sensoriais que interveñen na percepción e coñecer a súa función.
- Valorar a importancia da alimentación e dunha dieta equilibrada para a saúde.

#### **Contidos**

- Trazos físicos. Recoñecemento das principais partes da cara. Identificación dos trazos físicos propios. Aceptación da propia identidade e das súas posibilidades e limitacións. Valoración das diferenzas e semellanzas entre as persoas como un feito positivo.
- O esquema corporal. Representación de un mesmo de fronte.
- Os sentidos. Identificación dos órganos sensoriais. Exploración dos sentidos que interveñen en cada percepción.

- Posturas corporais: de xeonllos e en crequenas.
- Hábitos. Identificación de hábitos básicos relacionados coa hixiene persoal. Posta en práctica de hábitos relacionados co xogo e coa roupa. Adquisición de hábitos axeitados para ter unha dieta equilibrada. Valoración da importancia de manter hábitos de comportamento axeitados.
- Comunicación desinhibida dos sentimentos, gustos e preferencias propios.
- Realización de xogos diversos para a exercitación de destrezas manuais.
- Iniciativa e autonomía nas tarefas diarias, no xogo e na resolución de pequenos problemas da vida cotiá. Gusto polo traballo ben feito.

---

## COÑECEMENTO DO MEDIO

---

---

### MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA

---

#### **Obxectivos**

- Identificar e trazar números e asocialos á súa cantidade.
- Explorar as características dos obxectos.
- Identificar os ordinais.
- Establecer relacións lóxicas entre os obxectos.
- Recoñecer posicións respecto a un referente.
- Ordenar secuencias temporais.

#### **Contidos**

- Números. Escritura de números e asociación destes coas cantidades correspondentes. Verbalización da serie numérica. Realización de

agrupacións de catro en catro, de cinco en cinco e de seis en seis elementos. Apreciación dos números na vida cotiá.

- Características dos obxectos. Recoñecemento de obxectos con formas circulares, cadradas e triangulares. Clasificación de obxectos polo seu tamaño: grandes/medianos/pequenos. Diferenciación de elementos segundo sexan altos/baixos. Debuxo de elementos longos/menos longos/curtos a partir dun referente. Gusto por explorar obxectos, contalos e comparalos.
- Identificación das cantidades moitos/poucos.
- Recoñecemento de obxectos segundo estean dentro/fóra dun referente. Interese por mellorar a descrición de situacións, orientacións e posicións.
- Resolución de labirintos atendendo a unhas condicións marcadas.
- Recoñecemento, escritura e aplicación dos ordinais en situacións do medio.
- Realización de series lóxicas.
- Resolución de sumas sinxelas con apoio gráfico.
- Ordenación das pezas dun quebracabezas.
- Ordenación das escenas dunha secuencia temporal.

---

## ACHEGAMENTO Á NATUREZA

---

### **Obxectivos**

- Recoñecer as características fundamentais das estacións no medio.
- Identificar os cambios meteorolóxicos do medio.
- Recoñecer distintos tipos de alimentos e a súa forma de conservación.
- Identificar os alimentos máis axeitados para unha dieta equilibrada.



- Discriminar o día e a noite e relacionalos cos astros respectivos.

### **Contidos**

- O outono. Análise das características do outono no medio. Respecto e coidado polos elementos do medio natural. Interese por coñecer as características máis importantes do outono en Galicia e comparación co doutros lugares.
- Recollida de información sobre o tempo. Realización dun rexistro do tempo. Observación de fenómenos do medio natural: chuvia, vento... Interese por observar os fenómenos meteorolóxicos.
- Os alimentos. Clasificación de alimentos segundo necesiten ou non frío para a súa conservación. Discriminación dos alimentos máis axeitados segundo o momento do día. Selección de alimentos para unha dieta equilibrada. Curiosidade por coñecer distintos tipos de alimentos.
- Discriminación do día e da noite e dos astros respectivos.

---

## CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE

---

### **Obxectivos**

- Coñecer o centro escolar e os profesionais que traballan nel.
- Identificar os obxectos e materiais dos espazos escolares.
- Orientarse nos distintos espazos do Centro.
- Observar e verbalizar as diferenzas entre colexios de distintos lugares do mundo.
- Establecer colectivamente algunhas normas de funcionamento na vida escolar.

- Discriminar distintos tipos de vivenda segundo o medio físico no que se sitúan.
- Discriminar as diferentes dependencias dunha casa e coñecer a súa función.
- Recoñecer distintos modelos de unidade familiar.
- Identificar algunhas manifestacións festivas e costumes do Nadal propios e doutros lugares.
- Coñecer, valorar e participar nas tradicións de Nadal do medio.

### **Contidos**

- Espazos do centro escolar. Identificación das súas dependencias e dos obxectos e actividades relacionados con elas. Desprazamento autónomo polas dependencias do Centro. Respetto e coidado polos espazos e obxectos deste. Valoración da importancia da orde e da limpeza na aula.
- Recoñecemento do persoal do Centro e dos compañeiros da clase. Interese por establecer relacións afectivas con eles. Utilización do diálogo para establecer colectivamente normas de comportamento na aula. Observación e análise de colexios de distintos lugares do mundo. Interese e respecto polos modos de vida doutras culturas.
- A casa: tipos, características e dependencias. Representación gráfica da propia casa. Identificación e descrición das distintas dependencias e obxectos da casa.
- A familia. Análise de distintos modelos de unidade familiar. Valoración positiva do medio familiar e respecto por outros modelos familiares.

- Identificación das tradicións de Nadal do medio e doutros lugares. Participación e gozo nas celebracións festivas. Respeto e valoración das celebracións de Nadal distintas ás propias.

---

## LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

---

---

### LINGUAXE VERBAL

---

#### **Obxectivos**

- Utilizar axeitadamente o vocabulario temático.
- Utilizar a linguaxe oral para describir obxectos, acontecementos e situacións.
- Adquirir habilidade e coordinación na realización dos trazos.
- Recoñecer palabras e letras do vocabulario básico.
- Valorar a importancia da linguaxe como instrumento de comunicación.
- Iniciarse no coñecemento das sílabas das palabras.
- Coñecer as posibilidades da linguaxe escrita para comunicar ideas e sentimentos.
- Ler e comprender palabras con axuda dun adulto.
- Recoñecer diferentes formas de comunicación non orais como unha forma de comunicación.
- Expresarse con entoación axeitada e pronuncia clara.
- Coñecer e reproducir algúns textos orais: contos tradicionais, poemas e adiviñas.
- Interpretar secuencias de contos.

## **Contidos**

- Uso do vocabulario vinculado ao proxecto.
- Realización dos trazos propostos.
- Escritura do propio nome e recoñecemento das letras que o forman. Identificación de palabras iguais. Asociación de palabras familiares co seu significado. Discriminación de palabras segundo sexan curtas ou longas. Identificación do número de sílabas das palabras. Desexo de aprender a escribir.
- Expresión oral de vivencias e sentimentos. Valoración da linguaxe como medio para comunicar sentimentos, experiencias e desexos persoais.
- Identificación das escenas dun conto e dos elementos que aparecen nun poema. Curiosidade polo argumento dos contos e das narracións que se len. Verbalización da secuencia dun conto. Interese pola poesía e polo conto como formas de expresión. Coidado e valoración dos libros como instrumentos de comunicación.
- Descrición de obxectos, láminas, escenas e personaxes.
- Valoración da carta, dos correos electrónicos...como un medio de comunicación.
- Esfuerzo por conseguir unha entoación axeitada e unha pronuncia clara. Iniciativa e interese por participar nas situacións de comunicación na aula.

---

## LINGUAXE AUDIOVISUAL

---

### **Obxectivos**

- Recoñecer un ordenador como fonte de información e diversión e algúns dos elementos que o compoñen.
- Introducirse no uso dos medios audiovisuais.
- Facer un uso axeitado dos instrumentos tecnolóxicos.

### **Contidos**

- Achegamento ás producións audiovisuais e instrumentos tecnolóxicos: vídeo, DVD e ordenador. Curiosidade polo uso de instrumentos tecnolóxicos.
- Achegamento ao uso do ordenador como fonte de información e diversión. Valoración da utilidade do ordenador.

---

## LINGUAXE ARTÍSTICA

---

### **Obxectivos**

- Recoñecer e utilizar as cores vermella, azul, amarela, verde, laranxa, rosa, marrón e morada.
- Familiarizarse con obras de arte.
- Explorar distintos materiais e técnicas plásticas.
- Realizar composicións artísticas persoais con distintas técnicas plásticas e materiais.
- Coñecer e experimentar as propiedades sonoras do corpo e de obxectos cotiáns.
- Discriminar calidades do son.

- Coñecer e reproducir cancións e panxoliñas tradicionais.
- Desenvolver a actitude de escoita e atención nas audicións musicais clásicas.
- Recoñecer instrumentos musicais de percusión.

### **Contidos**

- Discriminación e uso de distintas cores.
- Realización de composicións persoais a partir da observación de obras de arte. Interese por coñecer algunhas obras de arte. Valoración das producións artísticas propias e dos outros.
- Utilización das técnicas plásticas: punteado, estampación, ceras brandas e verniz, picado, pegado de materiais, decorado con plastilina, grafismo, recorte e dobrado. Gusto por coñecer e explorar as propias capacidades expresivas. Coidado e respecto polo material de aula.
- Exploración das calidades sonoras de diferentes obxectos.
- Identificación dos sons fortes ou suaves e longos ou curtos producidos por obxectos.
- Aprendizaxe de cancións e de panxoliñas. Gusto por escoitar e aprender cancións e melodías. Apreciación das posibilidades da música como medio de expresión.
- Identificación do son de instrumentos musicais de percusión. Acompañamento dunha audición con instrumentos de percusión.
- Interese por participar en manifestacións artísticas da tradición cultural.

---

## LINGUAXE CORPORAL

---

### **Obxectivos**

- Participar en actividades de dramatización e xogo simbólico.
- Inventar un baile seguindo o ritmo da música.

### **Contidos**

- Realización de dramatizacións de poemas, cancións e historias. Participación en actividades de xogo simbólico. Interese e gozo con actividades de dramatización e xogo simbólico. Valoración das propias capacidades expresivas e das dos demais.
- Realización dunha danza seguindo o ritmo da música. Gusto por experimentar diferentes movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación.

## PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE 2º

---

### COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

---

#### **Obxectivos**

- Recoñecer partes do corpo.
- Expresar os propios gustos e preferencias respecto aos xogos e aos xoguetes.
- Identificar pezas apropiadas segundo o tempo atmosférico.
- Recoñecer a textura dos obxectos a través do tacto.
- Utilizar as propias posibilidades motrices e expresivas para desenvolver distintas actividades da vida cotiá.
- Desenvolver as capacidades de observación, atención e memoria.
- Realizar xogos que favorezan a coordinación e independencia dos dedos.
- Adquirir hábitos de participación activa e responsable en sociedade.
- Coñecer e respectar as normas básicas de xogos compartidos e regrados e de seguridade viaria.

#### **Contidos**

- Identificación das articulacións principais do corpo.
- Hábitos de comportamento relacionados co xogo. Disposición favorable para compartir e coidar os xoguetes. Aceptación das normas que rexen os xogos.
- Clasificación de pezas de vestir de verán e de inverno.



- Exploración de obxectos a través do tacto para determinar as súas propiedades.
- Realización de xogos para a exercitación das destrezas manuais e dixitais.
- Adecuación da propia conduta no desenvolvemento de actividades cotiás. Confianza nas posibilidades e capacidades propias para realizar distintas tarefas.
- Control da coordinación visomanual en actividades de motricidade fina. Realización de xogos diversos para a exercitación de destrezas manuais e dixitais.
- Dispoñibilidade para chegar a acordos co grupo.
- Identificación e valoración de actitudes correctas e incorrectas na utilización dos transportes. Interese por coñecer algunhas normas de seguridade viaria.
- Adquisición de pequenas responsabilidades en actividades da vida cotiá.

## COÑECEMENTO DO MEDIO

---

### MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA

---

#### **Obxectivos**

- Identificar e trazar números e asocialos ás súas cantidades.
- Explorar as características dos obxectos: forma, tamaño, cor e capacidade.
- Comprender e operar cos cuantificadores máis ca/menos ca.
- Identificar posicións segundo un referente.
- Resolver sinxelos problemas de sumas con apoio gráfico.
- Ordenar secuencias temporais.

- Utilizar os ordinais.
- Establecer relacións lóxicas entre os obxectos.
- Coñecer os días da semana.

### **Contidos**

- Escritura dos números e asociación coa súa cantidade. Establecemento de relacións entre grupos de varios elementos e relacionalos co número correspondente. Descomposición de cantidades. Agrupación de varios elementos. Realización de series numéricas ascendentes e descendentes. Resolución de series numéricas. Aplicación da noción *igual ca* no recuento de elementos. Valoración da utilidade dos números para resolver sinxelos problemas da vida cotiá.
- Aplicación dos ordinais a situacións da vida cotiá.
- Características dos obxectos. Discriminación de obxectos do medio con forma de rectángulo, rombo e óvalo. Clasificación de obxectos segundo a cor. Agrupación de obxectos que están igual de cheos, menos cheos ou baleiros. Cuberta dunha táboa segundo os criterios de máis grosso, menos grosso e fino. Curiosidade por descubrir as relacións que existen entre os elementos.
- Gusto por explorar obxectos, contalos e comparalos, así como por actividades que impliquen poñer en práctica coñecementos acerca da relación entre obxectos.
- Resolución de sumas e problemas con apoio gráfico. Esfuerzo por dar as respostas axeitadas.
- Resolución de labirintos seguindo pautas establecidas por un código.

- Colocación de elementos a un lado e a outro lado dun referente dado.
- Ordenación dunha secuencia temporal.
- Seriación de elementos segundo o criterio de forma e posición.
- Resolución de labirintos seguindo un código.
- Ordenación das pezas dun quebracabezas para recompoñer unha escena.
- Discriminación dos días da semana que son festivos e laborables.

---

## ACHEGAMENTO Á NATUREZA

---

### **Obxectivos**

- Observar os cambios ambientais que se producen co paso das estacións e valorar a súa repercusión nas actividades das persoas.
- Identificar os cambios meteorolóxicos que se producen no medio.

### **Contidos**

- Identificación das características máis relevantes do inverno no medio e a súa influencia na vida cotiá. Interese por coñecer as características máis importantes do inverno.
- Realización dun rexistro atmosférico. Observación de fenómenos do medio natural: chuvia, vento... Curiosidade polos fenómenos naturais.

---

## CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE

---

### **Obxectivos**

- Coñecer e valorar distintas modalidades de xogos como medios de relación e socialización.

- Identificar xogos de distintos lugares do mundo.
- Discriminar lugares, obxectos e actividades relacionados co tempo libre.
- Identificar algunhas calidades e funcións dos obxectos cotiáns.
- Identificar oficios e profesións.
- Discriminar os utensilios e espazos de distintos oficios e profesións.
- Manifestar unha actitude de respecto cara a todos os oficios e profesións.
- Coñecer costumes relacionados co Entroido tanto do medio coma doutros lugares.
- Identificar as características fundamentais das rúas do medio.
- Coñecer os servizos públicos e as tendas máis importantes da localidade.
- Discriminar os medios de transporte máis comúns e relacionalos co lugar por onde se desprazan.

### **Contidos**

- Tipos de xogos: de interior e de exterior; individuais e colectivos. Aceptación das normas nos xogos.
- Clasificación dos xoguetes atendendo ao seu material.
- Observación e identificación de actividades para o tempo libre. Gusto por coñecer e participar en actividades de ocio e tempo libre, tanto individuais coma colectivas.
- Identificación de oficios e profesións do medio e doutros lugares do mundo. Establecemento de relacións entre un traballo e os utensilios necesarios para realizalos. Apreciación das distintas profesións e oficios necesarios

para a sociedade. Valoración dos diferentes oficios con independencia do sexo da persoa que os desempeña.

- Recoñecemento da celebración do Entroido como unha manifestación cultural. Gusto por participar nas celebracións tradicionais galegas.
- Elementos do mobiliario urbano. Respecto e coidado do mobiliario urbano.
- Normas de seguridade viaria. Valoración da necesidade de cumprir as normas de seguridade viaria.
- Recoñecemento das características das rúas do medio establecendo semellanzas e diferenzas con outras de distintos lugares. Interese por coñecer a rúa como lugar de convivencia. Recoñecemento e valoración de formas de vida diferentes ás propias.
- Identificación dalgúns servizos públicos da propia localidade. Relación de comercios cos produtos que se venden neles. Interese por coñecer características e funcións dos servizos públicos do medio.
- Clasificación dos medios de transporte segundo o lugar por onde se desprazan. Asociación de elementos de seguridade viaria con distintos medios de transporte.

---

## LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

---

---

### LINGUAXE VERBAL

---

#### **Obxectivos**

- Utilizar axeitadamente o vocabulario temático.
- Adquirir coordinación e habilidade na realización dos trazos.

- Iniciarse na escritura dalgúns palabras.
- Ler e comprender palabras con apoio gráfico e/ou axuda dun adulto.
- Reproducir algúns textos orais da tradición cultural.
- Describir obxectos, imaxes, escenas e situacións.
- Atender e comprender narracións, contos e mensaxes orais.
- Coñecer as características básicas de diferentes medios de comunicación..
- Aproximarse á linguaxe escrita mediante a interpretación de rótulos sinxelos.
- Contar o número de sílabas dunha palabra.
- Coñecer a rima das palabras.
- Verbalizar a secuencia dun conto.
- Utilizar axeitadamente a linguaxe en distintas situacións comunicativas cotiás.

### **Contidos**

- Utilización do vocabulario temático.
- Realización dos trazos propostos.
- Comprensión de contos, poemas e adiviñas. Observación e descrición das escenas dun conto. Gusto por interpretar autonomamente as imaxes ou ilustracións dos contos. Interese por manexar contos e libros durante o tempo libre.
- Coñecemento e respecto polas normas e convencións sociais que regulan o intercambio lingüístico.
- Asociación de palabras familiares ao seu significado.

- .Recoñecemento dos distintos medios de comunicación como fontes de información.
- Reconto das sílabas dunha palabra.
- Valoración da linguaxe oral como medio de comunicar sentimentos, experiencias e desexos propios. Iniciativa e interese por participar nas distintas situacións de diálogo na aula.
- A rima das palabras. Asociación de palabras que riman.
- Interpretación de rótulos sinxelos con apoio gráfico. Establecemento de correspondencias entre palabras e os obxectos que designan. Valoración da importancia da linguaxe escrita na vida cotiá.

---

## LINGUAXE AUDIOVISUAL

---

### **Obxectivos**

- Recoñecer diferentes posibilidades tecnolóxicas como fontes de información, comunicación e divertimento.
- Facer un uso axeitado dos instrumentos tecnolóxicos.

### **Contidos**

- Achegamento ao uso do ordenador e da televisión como fontes de información e diversión. Uso moderado e responsable dos instrumentos tecnolóxicos.

---

## LINGUAXE ARTÍSTICA

---

### **Obxectivos**

- Identificar e usar cores e tonalidades.

- Coñecer e valorar obras pictóricas.
- Explorar as posibilidades de distintas técnicas plásticas e materiais para realizar obras artísticas persoais.
- Recoñecer calidades do son.
- Identificar instrumentos musicais de diferentes familias.
- Recoñecer sons do medio.
- Coñecer e reproducir cancións tradicionais.
- Desenvolver actitudes de escoita e atención nas audicións musicais.

### **Contidos**

- Discriminación e uso das cores e das distintas tonalidades.
- Utilización das técnicas plásticas: resgado, pegado de materiais, dobrado, recorte, témpera e pincel, e esgrafiado. Interese pola realización de obras artísticas persoais. Utilización das propias capacidades expresivas para realizar producións plásticas. Participación na limpeza e recollida de materiais.
- Realización de creacións propias a partir da observación de obras de arte. Interese por coñecer obras de arte pertencentes á tradición cultural.
- Discriminación de sons da rúa. Discriminación de elementos atendendo á duración e á intensidade do son que producen: longo/curto e forte/suave. Asociación de calidades do son cun código.
- Aprendizaxe de cancións. Apreciación das posibilidades da música como medio de expresión.



- Exercitación da memoria auditiva mediante o recoñecemento de voces coñecidas.
- Disposición para a colaboración cos compañeiros na realización de traballos e actividades colectivas.
- Discriminación visual e sonora de distintos instrumentos.
- Apreciación do valor da música clásica e da forma máis axeitada de escoitala.

---

## LINGUAXE CORPORAL

---

### **Obxectivos**

- Dramatizar e expresar, por medio do corpo, cancións, contos e poemas.
- Cooperar na preparación de actividades de baile e dramatización.

### **Contidos**

- Realización de dramatizacións de cancións, contos e poemas. Valoración das propias capacidades expresivas e as dos demais. Interese por expresarse por medio de recursos extralingüísticos.

---

## PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE 3º

---

### COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

---

#### **Obxectivos**

- Recoñecer a función dos sentidos.
- Recoñecer as necesidades físicas propias e intentar satisfacelas.
- Recoñecer os cambios físicos propios ligados ao paso do tempo.

- Recoñecer e relacionar partes do corpo e pezas de vestir.
- Discriminar a roupa máis axeitada dependendo da estación.
- Exercitar xogos que reflectan a dominancia lateral.
- Identificar e expresar os propios gustos e preferencias.
- Comprender a importancia da alimentación para a saúde.
- Adquirir hábitos axeitados de responsabilidade e de coidado dos animais e das plantas.
- Desenvolver as capacidades de observación, atención e memoria.
- Potenciar as destrezas manuais.
- Valorar a importancia do deporte para a saúde.
- Adquirir hábitos de participación activa e responsable na vida en sociedade.

### **Contidos**

- Partes do corpo. Discriminación das partes da cara a un lado e ao outro do eixe de simetría. Interese por mellorar o coñecemento do propio corpo. Participación en xogos que afiancen a dominancia lateral. Establecemento de relacións entre as partes do corpo e a peza de vestir axeitada.
- Identificación dos cambios producidos polo paso do tempo. Aceptación da propia identidade, das súas posibilidades e limitacións.
- Valoración das condutas e os hábitos que favorecen a saúde. Expresión das preferencias persoais na alimentación. Iniciación en hábitos de alimentación saudables a partir dunha dieta equilibrada.
- Atención e memoria. Discriminación das semellanzas e diferenzas entre dúas escenas.

- A saúde e o deporte. Valoración das condutas que favorecen a saúde.
- Adquisición de pequenas responsabilidades no coidado dos animais e das plantas. Respecto e coidado dos animais e plantas do medio.
- Realización de xogos para a exercitación de destrezas manuais.
- Evocación de feitos, acontecementos e vivencias persoais.
- Valoración do traballo ben feito, tanto propio coma alleo.

## COÑECEMENTO DO MEDIO

---

### MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA

---

#### **Obxectivos**

- Recoñecer e trazar números e asocíalos á súa cantidade.
- Identificar os ordinais
- Realizar operacións sinxelas de descompoñer, agregar e quitar cantidades.
- Establecer relacións lóxicas entre os obxectos.
- Identificar esferas e cubos entre outros corpos xeométricos.
- Identificar posicións respecto a un referente.
- Comprender e utilizar os cuantificadores todos/algúns/ningún.
- Iniciarse na resolución de problemas de sumas e restas.
- Ordenar secuencias temporais.
- Identificar o reloxo como un instrumento de medida do tempo.

#### **Contidos**

- Escritura dos números. Reconto de diversos elementos e asociación co número correspondente. Agrupacións de diversos elementos. Realización

da serie numérica. Ordenación de números non correlativos de menor a maior. Realización de descomposicións numéricas.

- Escritura e aplicación a situacións da vida diaria dos ordinais. Características dos obxectos. Clasificación de obxectos segundo sexan esferas ou círculos. Comprensión e uso das medidas largo/estreito. Identificación e trazado dun cubo con apoio gráfico.
- Curiosidade e interese por explorar obxectos, contalos e comparalos.
- Ordenación das pezas dun quebracabezas para recompoñer unha escena.
- Aplicación dos cuantificadores todos/algúns/ningún a situacións da vida diaria.
- Ordenación lóxica dunha secuencia temporal.
- Recoñecemento de diferentes posicións espaciais respecto a un referente.
- Resolución de problemas de sumas e restas.
- Realización de seriacións de elementos verbalizando o criterio da serie.
- Apreciación da utilidade dos números e das operacións matemáticas nos xogos e noutras actividades da vida cotiá.

---

## ACHEGAMENTO Á NATUREZA

---

### Obxectivos

- Identificar as características e partes fundamentais das plantas.
- Observar o proceso de nacemento e desenvolvemento das plantas.
- Comprender e desenvolver accións relacionadas co coidado e coa conservación das plantas.
- Coñecer a utilidade das plantas para as persoas.

- Discriminar algúns alimentos de orixe vexetal e coñecer as súas características.
- Aproximarse ao medio físico natural con actitudes de respecto, conservación e coidado.
- Recoñecer algúns cambios no medio físico e nos hábitos persoais relacionados coas estacións.
- Identificar os cambios meteorolóxicos que se producen no medio.
- Analizar as características básicas dos animais.
- Observar as formas de desprazamento dos animais segundo as súas características e o hábitat no que viven.
- Identificar as fases do desenvolvemento animal.
- Descubrir a utilidade dos animais para as persoas.
- Identificar a procedencia dalgúns alimentos de orixe animal.

### **Contidos**

- As plantas. Recoñecemento das partes principais. Observación do seu proceso de desenvolvemento. Identificación de accións relacionadas co seu coidado e conservación. Interese por coñecer as relacións de interdependencia e equilibrio que se producen entre as persoas e as plantas do medio.

- Recoñecemento das características máis significativas da primavera e do verán. Curiosidade polos cambios e transformacións máis rechamantes do medio físico en relación co paso das estacións.
- Realización dun rexistro atmosférico. Observación de fenómenos do medio natural. Relación do tempo atmosférico cos cambios na natureza.
- Características externas dos animais. Clasificación dos animais segundo o hábitat onde viven. Identificación de diversas formas de desprazamento. Curiosidade polas características e funcións máis sinaladas dos seres vivos.
- Observación e identificación das fases do desenvolvemento animal. Discriminación de animais ovíparos e mamíferos.
- Descubrimento da utilidade dos animais para as persoas. Desenvolvemento de hábitos de coidado e respecto polos animais do medio.
- Alimentos de orixe animal e vexetal. Elaboración dun menú persoal. Distinción de alimentos que poden ser para primeiro, segundo prato ou sobremesa. Valoración da importancia de ter unha dieta equilibrada.
- Observación e recoñecemento das características principais do verán.

---

## LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

---

---

### LINGUAXE VERBAL

---

#### **Obxectivos**

- Utilizar axeitadamente o vocabulario temático.
- Realizar trazos cada vez máis precisos atendendo á direccionalidade e á parada axeitadas.
- Describir distintos obxectos, escenas, acontecementos e situacións.

- Comprender o argumento dunha narración e dun poema.
- Identificar a función das etiquetas.
- Recoñecer letras e palabras iguais.
- Familiarizarse coa lingua escrita mediante a observación e identificación de palabras e a escritura de cartas.
- Comprender o argumento e a estrutura de narracións e de contos.
- Perfeccionarse na escritura do propio nome.
- Expresar con corrección os propios gustos, necesidades e desexos.

### **Contidos**

- Emprego do vocabulario temático. Esfuerzo por adquirir un vocabulario correcto.
- Realización dos trazos propostos.
- Observación e descrición das escenas dun conto. Actitude de escoita e respecto nas distintas situacións comunicativas que se dan na aula.
- Etiquetas. Interpretación de etiquetas con apoio gráfico e asociación co obxecto correspondente.
- Comprensión de palabras con apoio gráfico. Valoración da funcionalidade da escritura na vida cotiá. Interese por coñecer e exercitar algunhas destrezas propias da comunicación escrita.
- Comprensión do argumento de contos e adiviñas. Interese polo argumento dos textos que se len na aula.
- Asociación de palabras que riman.
- Observación e descrición de láminas e imaxes.

- Escritura de palabras do medio. Esfuerzo e interese por iniciarse na escritura de palabras.
- Identificación das partes dunha carta. Valoración da funcionalidade da escritura.
- Observación de situacións contrarias e verbalización dos antónimos correspondentes.
- Recoñecemento e valoración da linguaxe oral como instrumento para comunicar sentimentos, ideas e intereses propios.

---

## LINGUAXE AUDIOVISUAL

---

### **Obxectivos**

- Coñecer a existencia do correo electrónico como alternativa ao correo tradicional.

### **Contidos**

- Achegamento ao correo electrónico como un novo medio de comunicación. Curiosidade polo uso de novos instrumentos tecnolóxicos.
- Toma de conciencia da variación nos costumes debida ao paso do tempo.

---

## LINGUAXE ARTÍSTICA

---

### **Obxectivos**

- Discriminar e usar tonalidades de distintos cores.
- Coñecer, valorar e interpretar algunhas obras artísticas da tradición cultural.



- Explorar distintas técnicas plásticas e materiais para realizar creacións artísticas persoais.
- Empregar correctamente os utensilios plásticos básicos.
- Identificar as calidades do son.
- Reproducir cancións tradicionais e de nova creación.
- Desenvolver actitudes de escoita e atención nas audicións musicais clásicas.
- Identificar visual e auditivamente diferentes instrumentos musicais.
- Identificar os sons de distintos animais.

### **Contidos**

- Discriminación e uso de distintas cores.
- Experimentación plástica a partir da observación de obras de arte. Interese por coñecer algunhas obras de arte.
- Utilizar as técnicas plásticas: grafismo, colaxe, pintura soprada, témpera e sal, e debuxo en cuadrícula e creativo. Interese por coñecer novos medios de expresión utilizando materiais e técnicas diversas. Coidado e respecto polo material da aula.
- Interpretación dun código para identificar sons graves e agudos. Discriminación de sons de animais, segundo sexan graves ou agudos.
- Aprendizaxe e gozo de cancións.
- Expresión das sensacións producidas tras unha audición musical clásica. Apreciación das posibilidades da música como medio de expresión.

- Identificación dos animais evocados nunha audición. Apreciación das posibilidades da música como medio de expresión.
- Identificación visual e sonora de instrumentos musicais.
- Respecto e valoración do diferente grao de achegas de cada alumno.

---

## LINGUAXE CORPORAL

---

### Obxectivos

- Participar na preparación de actividades de dramatización e actividades baseadas na linguaxe corporal.

### Contidos

- Realización de dramatizacións.
- Reprodución de xestos e movementos para recrear unha situación proposta. Interese e gozo cos xogos e coas actividades baseadas na linguaxe corporal.

---

# COMPETENCIAS BÁSICAS 5 ANOS

---

---

## COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

---

Esta competencia está referida ao uso das catro destrezas da linguaxe: escoitar, falar, ler e escribir. No caso da Educación Infantil as destrezas de falar e escoitar son prioritarias en lingua castelá e exclusivas na lingua estranxeira, pero isto non impide o achegamento ao código escrito e, sobre todo, á literatura infantil a través de contos e relatos.

## CONTIDOS QUE A DESENVOLVEN

---

- Utilización da lingua oral para comunicar e expresar ideas, pensamentos e desexos.
- Utilización adecuada das normas que rexen o intercambio lingüístico. Respetar a quenda de palabra, escoitar con atención e respecto. Uso do léxico preciso e variado.
- Estruturación gramatical correcta. Entoación e pronunciación clara.
- Interese pola análise dos aspectos fónicos das palabras. Segmentación de palabras en sílabas.
- Aproximación ao uso da lingua escrita.
- Utilización da biblioteca con respecto e coidado.
- Textos de tradición literaria: poemas, adiviñas, trabalinguas, refráns, contos populares e/ou inventados.
- Utilización de xestos e movementos corporais para a expresión e a comunicación.
- Representación de personaxes, feitos e situacións cotiás.
- Participación e goce en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.
- Comprensión dalgunhas palabras e expresións en lingua estranxeira, relacionadas con situacións cotiás sinxelas e habituais.

---

## COMPETENCIA MATEMÁTICA

---

Nesta etapa séntanse as bases para que os alumnos constrúan, de forma coherente, as habilidades matemáticas e utilíceas de forma automatizada. Con esta competencia preténdese desenvolver e aplicar o pensamento matemático co fin de resolver diversos problemas en situacións cotiás.

### CONTIDOS QUE A DESENVOLVEN

---

- Propiedades de obxectos e materiais, presentes no contorno.
- Situación de si mesmo e de obxectos no espazo: «entre», «antes de- logo de»
- Propiedades de obxectos: «aberto-pechado», «rápido-lento», «pesado-lixero». Composición de crebacabezas.
- Formas planas: cadrado, rectángulo, rombo, ovalo e corpos xeométricos: cono, esfera.
- Clasificación. Ordenación. Seriacións.
- Cuantificadores: «hai máis-hai menos», «metade», «igual que».
- Nocións básicas temporais: «onte, hoxe, mañá». Mañá, tarde, noite». «Antes-despois». Ordenación temporal: historietas.
- Produto cartesiano.
- Conteo. A serie numérica. Cantidade e grafía.
- Composición e descomposición dos números. A funcionalidade dos números. Regretas.
- Os números ordinais.
- Situacións problemáticas: suma e resta.

- Medida do tempo: o calendario e o rexistro da data. Os días da semana.  
Ubicación temporal de actividades cotiás.

---

## COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO

---

Nesta etapa da educación, os alumnos amplían o seu coñecemento do mundo a través da interacción coas persoas, os obxectos, a exploración do espazo e do tempo?

---

### CONTIDOS QUE A DESENVOLVEN

---

- As estacións do ano e as súas características.
- As vacacións. A area, o auga e o sol: características, conservación e protección.
- A auga e os seus estados.
- Plantas aromáticas e a súa utilidade. Ciclo vital das plantas.
- Animais en distinto hábitat. Animais de axuda e compañía, herbívoros e carnívoros.
- Curiosidade e respecto cara aos animais.
- Conservación e protección da Natureza.
- Goce en actividades ao aire libre.
- Observación do tempo atmosférico, as súas consecuencias e reflexo no calendario.
- Datas e feitos relevantes.

---

## TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIGITAL

---

Esta competencia baséase no uso adecuado das tecnoloxías da sociedade da información, como ferramenta de traballo, lecer e comunicación. Os alumnos da etapa de Educación Infantil xa comezan a familiarizarse co ordenador e algúns dos seus usos.

---

#### CONTIDOS QUE A DESENVOLVEN

---

- Iniciación no uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e Comunicación (teléfono, radiocasete, gravadora, vídeo, cámara de fotos, ordenador, impresora, etc.).
- Aplicación do vocabulario específico. Achegamento a producións audiovisuais e valoración dos seus contidos.

---

#### COMPETENCIA SOCIAL

---

Refírese ás formas de comportamento que preparan ás persoas para unha vida socialmente eficaz. Os alumnos desta etapa da educación serán competentes para escoitar, respectar a quenda de intervención, presentarse, prestar axuda?

---

#### CONTIDOS QUE A DESENVOLVEN

---

- A familia e o centro escolar como primeiros grupos sociais.
- A rúa. Observación de necesidades, ocupacións e servizos na vida da comunidade: profesións.
- Habilidades sociais: saudar, despedirse, pedir as cousas por favor, dar as grazas.
- Hábitos elementais de organización, atención, iniciativa, esforzo, observación.

- Habilidades para a interacción e a colaboración: axuda, gratitude, xenerosidade, amizade, compañeirismo.
- Incorporación de pautas adecuadas de comportamento: compartir, axudar, resolver conflitos mediante o diálogo.
- Interculturalidade: interese e disposición favorable, para entablar relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e nenas doutras culturas.
- Recoñecemento dos acenos de identidade cultural do contorno e interese por participar nelas: «Día Universal da Infancia», «Día da Paz», «Carnaval», «Día do Libro», «Día da Nai»,...

---

### COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA

---

Esta competencia está ligada á de achegamento ao mundo que lle rodea, pois ambas contribúen ao coñecemento, comprensión, uso e valoración das diferentes manifestacións culturais e artísticas.

---

### CONTIDOS QUE A DESENVOLVEN

---

- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica (liña, cor, textura, forma, espazo, etc.).
- Identificación das tonalidades: claro e escuro das cores.
- Obras de arte: observación, interpretación e goce.
- Expresión e comunicación de feitos e emocións a través de producións plásticas, utilizando técnicas e materiais diversos.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais.
- Discriminación de sons e os seus contrastes.

- O timbre dos instrumentos.
- Participación activa e goce na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas.
- Audición interesada de obras musicais.
- Utilización de xestos e movementos corporais para a expresión e a comunicación.
- Representación de personaxes, feitos e situacións cotiás.
- Participación e goce en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.

---

### COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

---

A etapa da Educación Infantil é fundamental para que os poidan aprender gozando e facelo dunha forma eficaz e autónoma de acordo coas esixencias en cada situación.

---

### CONTIDOS QUE A DESENVOLVEN

---

- Gusto polo xogo. Coñecemento, comprensión e aceptación das regras de xogo.
- Participación e confianza nas propias posibilidades.
- Progresivo control do ton, equilibrio e respiración.
- Psicomotricidade: actividade motriz, xogo con obxectos, circuíto e relaxación.
- Deportes e xogos de auga. Nocións básicas de orientación e coordinación de movementos. Labirintos e a súa resolución.



- Realización de actividades grafomotrices.
- Normas que regulan a vida cotiá.
- Hábitos elementais de organización, atención, iniciativa, esforzo, observación.
- Valoración e gusto polo traballo ben feito por un mesmo e polos demais.
- Habilidades para a interacción e a colaboración: axuda, gratitude, xenerosidade, amizade, compañeirismo.

---

### AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL

---

Esta competencia constrúese desde o coñecemento de si mesmo e maniféstase a través do uso do propio corpo, cada vez de forma máis efectiva.

---

### CONTIDOS QUE A DESENVOLVEN

---

- corpo humano: exploración. O esquema corporal: ubicación e representación. Os sentidos: sensacións e percepcións. Lateralidad: «dereita-esquerda».
- Percepción dos cambios físicos propios e da súa relación co paso do tempo.
- Identificación, expresión e denominación de emocións e sentimentos, propios e alleos e o seu control progresivo.
- Formación dunha imaxe positiva de si mesmo a través da interacción cos outros, identificando as características propias.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas, evitando actitudes discriminatorias.
- As actividades da vida cotiá.

- Iniciativa e progresiva autonomía.
- Normas que regulan a vida cotiá. Hábitos elementais de organización, atención, iniciativa, esforzo, observación.
- Valoración e gusto polo traballo ben feito por un mesmo e polos demais.
- Habilidades para a interacción e a colaboración: axuda, gratitude, xenerosidade, amizade, compañerismo.
- Práctica de hábitos saudables de hixiene corporal, alimentación, vestido, descanso e aceptación das normas de comportamento establecidas.
- A saúde e a enfermidade. Prevención de accidentes.
- Petición e aceptación de axuda en situacións que o requiran e a súa valoración.
- Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. Valoración axustada dos factores de risco.
- Identificación e valoración crítica ante factores e prácticas sociais cotiás que favorecen ou non a saúde.

## AVALIACIÓN, PROCEDEMENTO E CRITERIOS

---

Propoñemos unha avaliación **global**, porque permite coñecer o desenvolvemento de todas as dimensións da personalidade, permitindo valorar o conxunto de capacidades e competencias básicas recollidas nos obxectivos xerais da etapa e en cada unha das áreas; **continua**, porque lle facilita ao profesorado a recollida sistemática de información sobre o proceso de ensinanza aprendizaxe; **formativa**, porque axuda a coñecer o nivel de competencia acadado polo neno ou pola nena no uso autónomo de hábitos e procedementos, no dominio de conceptos e feitos, no desenvolvemento de actitudes e valores e no cumprimento de normas, e permite programar as medidas de reforzo, ampliación e enriquecemento necesarias, así como orientar o proceso de ensinanza e aprendizaxe en función da diversidade de capacidades, ritmos de aprendizaxes, intereses e motivacións do neno ou da nena; e **aberta**, xa que se poderá adaptar aos diferentes contextos.

A avaliación terá en conta, polo tanto, os obxectivos xerais da Educación Infantil, as competencias básicas, os contidos curriculares dos distintos ámbitos de aprendizaxe e todos os criterios de avaliación establecidos. A información que se lles proporciona ás familias terá un carácter cualitativo, resaltaránse os progresos e os logros dos alumnos e das alumnas nas distintas áreas e as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

Os mestres e as mestras que imparten a Educación Infantil deberán avaliar a súa propia práctica educativa co fin de adecualala ás necesidades do alumnado. É imprescindible que o docente reflexione sobre a adecuación da programación dos obxectivos e dos contidos presentados, sobre as relacións de comunicación e o clima no que se desenvolven as actividades, sobre o grao de atención educativa personalizada e sobre todos os aspectos que deben recibir a debida atención.

## PROCEDEMENTO

---

A técnica de avaliación máis apropiada é a observación directa e sistemática. Mediante ela poderemos constatar os coñecementos que van construíndo o neno e a nena a partir dos que xa posuían, se é adecuada a actuación didáctica, a organización do espazo, a distribución do tempo, os agrupamentos, formas de relación entre os nenos e as nenas e destes cos adultos, as estratexias e os materiais utilizados.

Desta forma, daremos en cada momento a axuda necesaria e poderemos modificar a nosa propia actuación didáctica.

Ademais, pódese recorrer a outros moitos procedementos de avaliación:

- Diario do docente.
- Informe diario.
- Escalas de observación.
- Entrevistas coas familias.
- Observacións externas.
- Técnicas audiovisuais.
- Observacións de grupo, xogos.
- Rexistros de incidencias...

O feito de que na Educación Infantil a avaliación teña que ser continua non exclúe a existencia dunha avaliación inicial e dunha avaliación final.

A primeira é necesaria ao comezo de calquera secuencia de aprendizaxe, xa que permitirá avaliar os coñecementos previos dos alumnos e das alumnas para construír, sobre eles, aprendizaxes significativas.

Para a avaliación continua:

- Un rexistro de avaliación ao final de cada unidade, proxecto...
- Tres rexistros de avaliación trimestral

A avaliación final é necesaria como culminación de calquera proceso de ensinanza-aprendizaxe. O profesor ou profesora irá analizando as diferentes situacións educativas para poder axustar a súa intervención. Con ela valoraremos o grao de consecución respecto dos obxectivos e competencias básicas marcados obtidos por cada alumno e cada alumna.

Tamén faremos avaliación da nosa propia práctica educativa.

---

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

---

### COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

---

- Recoñecer e nomear as partes e articulacións principais do corpo, e situalas espacialmente en si mesmo e nos demais.
- Identificar as partes do corpo que se corresponden cos sentidos.
- Discriminar informacións e sensacións proporcionadas polos sentidos.
- Mostrar coordinación, axilidade e equilibrio nos movementos corporais.
- Manifestar un progresivo control postural.
- Coñecer e utilizar as posibilidades expresivas do seu corpo.
- Mostrar confianza nas propias capacidades.
- Ter unha imaxe axustada de si mesmo, coas súas posibilidades e limitacións.
- Valorarse de forma positiva a si mesmo e aos demais.

- Participar e colaborar con compañeiros e adultos mostrando actitudes de colaboración e respecto.
- Participar activamente en diversos tipos de xogos e actividades.
- Realizar distintos desprazamentos con graza e axilidade.
- Progresar na coordinación e no control das habilidades manipulativas de carácter fino.
- Coñecer e utilizar as normas de comportamento en distintas situacións e espazos.
- Establecer vínculos fluídos e equilibrados de relación cos demais.
- Realizar autonomamente e con iniciativa actividades habituais para satisfacer as súas necesidades básicas.
- Mostrar autonomía e iniciativa na adquisición de hábitos e condutas relacionados co coidado persoal, coa hixiene, coa saúde e co benestar.

## COÑECEMENTO DO MEDIO

---

- Discriminar obxectos e elementos do medio inmediato.
- Manifestar interese por explorar os elementos do medio mediante actividades manipulativas, establecendo relacións entre as súas características e o seu comportamento físico.

- Desenvolver habilidades lóxico-matemáticas (agrupar, clasificar e ordenar) para establecer relacións cualitativas e cuantitativas entre elementos e coleccións.
- Achegarse á comprensión dos números (cardinal e ordinal) e valorar a súa utilidade en situacións propias da vida cotiá.
- Manexar nocións básicas espaciais (arriba/abaixo, dentro/fóra, preto/lonxe...), temporais (antes, despois, pola mañá, pola tarde...) e de medida (pesa máis, é máis longo...).
- Mostrar curiosidade, respecto e coidado cara á comprensión do medio físico e social.
- Identificar e nomear os compoñentes principais do medio natural.
- Valorar a importancia do medio natural para a vida humana.
- Observar os cambios e modificacións dos elementos do medio.
- Identificar os factores que inflúen nas transformacións do medio.
- Relacionar as características do medio físico e as formas de vida dos seus habitantes.
- Mostrar actitudes de coidado e respecto cara á natureza participando en actividades para a súa conservación.
- Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do seu medio.
- Coñecer as características básicas e os principais servizos comunitarios que ofrecen os grupos sociais máis próximos.

- Integrarse e participar nalgunhas formas de organización social, acomodando a súa conduta aos principios, valores e normas que as rexen.
- Identificar e valorar as características e manifestacións culturais do seu medio.
- Coñecer e respectar sinais de identidade e elementos doutras culturas.
- Establecer vínculos fluídos e equilibrados de relación cos demais.

---

#### LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

---

- Expresarse e comunicarse oralmente con suficiente claridade e corrección para levar a cabo diversas intencións comunicativas (pedir axuda, informar dalgún feito, dar sinxelas instrucións...).
- Mostrar interese pola utilización da expresión oral para regular a propia conduta, para relatar vivencias, razoar, resolver situacións conflictivas, comunicar os estados anímicos e compartilos cos demais.
- Comprender as mensaxes, relatos, producións literarias, explicacións e informacións que lle permitan participar na vida da aula.
- Mostrar unha actitude de escoita atenta e respectuosa cara ás opinións e intervencións dos demais.
- Progresar no respecto da quenda de palabra.



- Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no medio próximo.
- Coñecer as posibilidades e funcionalidade da linguaxe escrita na vida cotiá como medio de comunicación, información e gozo.
- Mostrar atención e curiosidade polos actos de lectura e manifestar gradualmente o desexo de aprender a ler.
- Interesarse por explorar algunhas características básicas do código escrito e participar nas situacións de escritura que se producen na aula.
- Facer un uso axeitado do material escrito: libros, xornais, cartas, etiquetas...
- Expresarse e comunicarse por medio de diferentes materiais, instrumentos e técnicas propios das linguaxes musical, audiovisual, plástica e corporal.
- Gozar coa experimentación e coa exploración das posibilidades expresivas do xesto, os movementos, a voz, a cor, a textura e os sons.
- Manifestar unha progresiva sensibilidade estética e mostrar actitudes positivas cara ás producións artísticas en distintos medios.
- Mostrar interese por compartir as experiencias estéticas e valorar as producións artísticas propias e dos demais.

## PAUTAS METODOLÓXICAS

---

### ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS XERAIS

---

- Prever a diversidade do alumnado adaptando a práctica educativa ás características persoais, ás necesidades, aos intereses e aos estilos cognitivos dos alumnos. Así mesmo, ter en conta o contexto sociocultural no que viven.
- Utilizar estratexias comunicativas, vocabulario e terminoloxía adaptados á tipoloxía de alumnado que temos na aula. Intentar que nun primeiro momento sexan eles os que busquen solucións para superar as súas dificultades. Potenciar a reflexión co obxectivo de que, unha vez resolto o conflito cognitivo, cheguen ás súas propias conclusións en función dos seus coñecementos e experiencias previos.
- Crear un clima relacional e de afectividade positivo. Establecer unha relación de confianza entre os alumnos e o educador, procurando en todo momento que se sintan tranquilos e confiados, que non teñan medo a participar ou a equivocarse e que se encontren a gusto á hora de comunicar as súas ideas. Traballar para que acepten as súas propias posibilidades e as súas limitacións, as entendan e as respecten. Potenciar, en definitiva, a súa autoestima e favorecer a súa integración social.
- Utilizar as situacións de interacción como un recurso máis para axudar a cada alumno que o necesite, tendo en conta as súas capacidades e as súas dificultades. Facilitar a participación de todos, en función das súas propias posibilidades.

- Explicarlles aos alumnos os seus acertos e os seus erros, fomentando os primeiros e desdramatizando os últimos.
- Equilibrar os aspectos de novidade co compoñente indispensable nestas idades de reiteración e de rutina.
- Ter en conta, á hora de planificar a distribución horaria do día, os seguintes aspectos: a alternancia entre períodos de descanso e períodos de actividade; entre as actividades que requiren atención e concentración e outras que non necesitan tanta; o tempo de dedicación aos alumnos que necesitan unha atención individualizada; o tempo que se dedicará ás actividades colectivas e ás individuais.
- Organizar o tempo de realización das actividades tendo en conta o ritmo do grupo-clase; respectar a alternancia de esforzo, concentración e movemento; aproveitar os feitos espontáneos que xurdisen ao longo da sesión ou da xornada.
- Organizar os espazos tendo en conta que favorezan a participación, os desprazamentos, a autonomía, o control, o traballo en grupo, o traballo individual e o traballo colectivo.
- Incorporar e utilizar na aula os materiais que o alumnado poida encontrar na súa vida diaria e que lles proporcione diferentes niveis de resolución das actividades de aprendizaxe.
- Implicar os alumnos, na medida do posible, no funcionamento e na organización da aula. Asignarlles progresivamente responsabilidades para que colaboren no mantemento da orde e participen na dinámica establecida conxuntamente. Intentar que se sintan ben na clase e que teñan ganas de

aprender e de participar nas actividades. Establecer de forma clara e explícita estratexias que impliquen un compromiso mutuo, non só por parte do alumnado.

- Establecer canles de comunicación e colaboración coas familias. Intentar xerar un clima de confianza mutua. Facelos partícipes dalgúns aspectos da organización da aula e da realización de determinadas actividades de aprendizaxe.
- Planificar actividades para que o alumnado poida participar nalgúns aspectos da súa avaliación, como unha parte máis do proceso de aprendizaxe.

#### ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE

---

- Motivar os alumnos facéndoos co-partícipes do proceso de aprendizaxe. Para iso, facilitar a participación de todos os alumnos na elección e realización das actividades, na toma de decisións na aula, etc.
- Coñecer e valorar os coñecementos previos dos alumnos respecto ás aprendizaxes propostas. Iniciar o proceso de aprendizaxe partindo do que xa saben. Darlles a entender que co seu esforzo e coa nosa axuda poderán superar as dificultades que encontren en cada caso.
- Propoñer situacións que fagan posible a aprendizaxe por descubrimento. Para isto, xerar escenarios onde os alumnos deban identificar a orixe de determinados problemas, facer un diagnóstico de cada un deles, propoñer solucións posibles, analizar as consecuencias e programar as accións necesarias para conseguir os obxectivos previstos.

- Realizar actividades que posibiliten a observación directa, a manipulación e experimentación co obxecto de aprendizaxe.
- Realizar, en xeral, actividades que:
  - Axuden a provocar conflitos cognitivos nos alumnos.
  - Xeren nos alumnos actitudes receptivas cara ao obxecto de aprendizaxe.
  - Permitan experimentar o aprendido.
  - Faciliten certo grao de autonomía.
  - Faciliten a adquisición de destrezas de aprendizaxe autónoma.
  - Permitan que todos os alumnos do grupo-clase poidan realizalas independentemente da capacidade e dos intereses de cada cal, sempre que o docente levase a cabo as adaptacións pertinentes.
- Formular actividades nas que o protagonismo, os destinatarios e os obxectivos sexan diferentes:
  - Dirixidas polo educador, quen levará a iniciativa na súa formulación e na metodoloxía con que se realicen. Este tipo de actividades empregarémolas principalmente á hora de introducir novos contidos.
  - Suxeridas polo educador, aínda que se permita escoller aos alumnos entre diferentes opcións, de acordo cos seus intereses ou necesidades.
  - De reforzo, destinadas aos alumnos que presentan algún tipo de dificultade, e que poderán ir resolvendo coa axuda dos alumnos máis capacitados ou coa intervención directa e individual do educador cando sexa requirido.

- De ampliación, dirixidas aos alumnos cuxas capacidades lles permitan adquirir un nivel superior de contidos respecto aos que temos programados como básicos no proxecto de traballo.
- Libres, onde deixaremos que os alumnos usen a súa iniciativa, a súa creatividade e a súa autonomía para levalas a cabo.
- Utilizar o xogo como recurso motivador e instrumento educativo na práctica diaria:
  - Xogo simbólico para que o alumnado reproduza ou imaxine escenas ou situacións da vida real. A simulación da realidade permítelles ir coñecendo, aceptando ou provocando novas maneiras de relacionarse, de enfrontarse aos conflitos e de situarse no contexto social e relacional.
  - Xogos non competitivos nos que se deberá ter en conta que:
    - O alumnado encontre pracer participando nos xogos, independentemente do resultado final obtido.
    - Eviten a discriminación ou menosprezo daqueles alumnos que non conseguisen os obxectivos marcados. Estes teñen que ser indicadores para o educador de que habilidades teñen que mellorar de maneira individual ou en grupo.
    - Posibiliten a participación de todo o alumnado do grupo-clase.
    - O alumnado vexa os seus compañeiros como iguais e non como contrincantes aos que hai que superar.
    - A finalidade sexa conseguir a suma de achegas individuais para lograr un obxectivo conxunto.

Os xogos, en síntese, poden servir como instrumento educativo e de observación das peculiaridades de cada alumno (estilos de aprendizaxe, dificultades, actitude ante os erros...).

- Á hora de traballar na mesa, planificar as actividades de aprendizaxe tendo en conta tres momentos:
  - Antes de empezar: actividades previas para poñer en contacto o alumnado co obxecto de aprendizaxe, motivalo e espertar o seu interese, activar os coñecementos e experiencias previos e, se é necesario, introducir aquelas aprendizaxes que lles permitan poder realizar a actividade.
  - Durante a realización: actividades de mesa para aplicar os coñecementos adquiridos, observar as posibles dificultades e resolvelas.
  - Despois da realización: actividades posteriores para consolidar as aprendizaxes adquiridas, reforzar aquelas nos cales tiveron máis dificultades ou ampliar as que xa adquiriron por ter unhas capacidades ou uns coñecementos previos que llo permiten.
- Intentar que o alumnado saiba ou sexa consciente do que aprendeu. Procurar que lembren as actividades que realizaron. É positivo, en determinados momentos, comparar os seus primeiros traballos cos últimos para que se decaten dos cambios experimentados.
- Traballar os textos tendo en conta os seguintes criterios:
  - Elixilos atendendo tanto á idoneidade do seu contido como ao seu valor gráfico, procurando que sexan un elemento motivador e agradable en si mesmo.

- Converter os libros, revistas, xornais e demais soportes escritos nun elemento habitual na aula e permitir que os alumnos os manipulen e interpreten libremente.
- Realizar actividades dirixidas de comprensión lectora, nas que se apliquen procedementos do tipo: activar os coñecementos previos, formular hipóteses ou predicións sobre o argumento, comprobar as hipóteses previas á lectura, extraer as ideas principais do texto lido, etc.

Todo iso co fin de crear unha actitude receptiva cara á aprendizaxe da lectoescritura como instrumento de comunicación, información e gozo.



## TEMPORALIZACIÓN

---

### PROGRAMACIÓN SEMANAL

---

Temporalizáronse as actividades de ensino-aprendizaxe en unidades didácticas e/ou proxectos de traballo que poderán desenvolverse ao longo de 2 , 3 ou 4 semanas, e algún poderá desenvolverse ao longo de todo o curso. No tratamento destes temas se parte do máis próximo e achegado aos alumnos para avanzar cara a cuestións máis afastadas do seu medio inmediato.

Os proxectos de cada trimestre están precedidos de actividades que responden a todos os aspectos temporais que suceden durante este: estacións, festividades e días especiais.

### ACTIVIDADES DIARIAS

---

Na planificación das actividades realizadas ao longo da xornada procurarase o equilibrio entre a necesidade de respectar os ritmos fisiolóxicos individuais dos nenos do grupo (descanso, alimento, actividade...) e a conveniencia de manter rutinas diarias que lles poidan servir de marcos de referencia para interiorizar as primeiras secuencias temporais.

Por outro lado, manter unha rutina de actividades estables, aínda que o suficientemente flexibles para dar cabida ás necesidades e intereses individuais, permitiralles aos alumnos ser conscientes do traballo que deben realizar en cada momento sen necesidade de alterar demasiado o ritmo da clase explicando as tarefas.

Para a temporalización das actividades diarias, teranse en conta os seguintes parámetros:

- Partir do momento evolutivo dos nenos do grupo, axustando as tarefas ás súas posibilidades de atención e traballo.
- Manter unha secuencia de ritmos e rutinas equilibrada.
- Cubrir as necesidades e intereses do grupo-clase.
- Ter en conta os ritmos individuais dos alumnos.
- Adecuar as tarefas que se van realizar á distribución espacial e aos recursos materiais e persoais con que conta o Centro.
- Axustar a distribución de actividades aos criterios de organización xeral do Centro.

En consecuencia, as actividades de ensino-aprendizaxe seguirán unha secuencia de rutinas que axudará os nenos a organizar o tempo que están na escola e recóllese, entre outras, a necesidade de reservar tempos específicos para as seguintes actividades:

- **Tempo de asemblea:** actividades propias da entrada e do recibimento do grupo; planificación colectiva co adulto do traballo que van facer durante a xornada.
- **Tempo de traballo individual:** realización das actividades acordadas axudados pola mestra.
- **Tempo de recunchos:** realización de actividades lúdicas e de pequenas investigacións, de acordo cos intereses individuais dos alumnos.

- **Tempo de limpeza:** actividades como recoller e ordenar os materiais utilizados, gardar os traballos non acabados, etc.
- **Tempo de traballo en grupo:** realización de actividades colectivas atendendo a distintos criterios de agrupamento.
- **Tempo de actividades motrices:** propostas relacionadas co desenvolvemento psicomotriz.

## RECURSOS E MATERIAIS

---

Un dos propósitos do traballo con proxectos é integrar a aprendizaxe que se realiza dentro da escola coas actividades que se desenvolven fóra dela, isto é, as aprendizaxes na escola non son diferentes dos que se requiren no mundo real. Por iso é polo que nos proxectos fanse constantes referencias á contorno dos alumnos e achéganse todo tipo de recursos reais ao aula. Neste afán, as familias e o contorno inmediata son as fontes principais das que nos valeremos. As familias son, en moitos momentos, os vínculos máis directos da escola coa realidade exterior, e unha fonte constante de coñecemento e acceso a outros medios.

En todo proxecto é importante que as familias coñezan o noso traballo e o contido dos proxectos que se desenvolven en cada momento no aula: só se están informadas e comprenden o seu sentido poderemos contar coa súa colaboración. Ademais delas, será importante contemplar as oportunidades do contorno inmediata á escola: persoas do barrio, servizos da comunidade ou municipais, bibliotecas e todo tipo de centros culturais, entidades deportivas, espazos próximos, o medio natural do contorno, centros de ensino próximos.

Dentro dos recursos materiais, os proxectos enriquecécese cunha gran diversidade de medios: obxectos reais, películas e medios audiovisuais, materiais para experimentar, materiais diversos en soportes informáticos e multimedia, todo tipo de materiais en soportes papel con textos ou imaxes (folletos, catálogos, revistas, libros, carteis, fotografías...), materiais musicais, xogos e xoguetes, produtos naturais... serán obxecto de observación, análise, e unha fonte permanente de descubrimento e experimentación.

## ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

---

A atención á diversidade non só vai dirixida a aqueles alumnos que mostran dificultades destacables de aprendizaxe. Todos os alumnos presentan diferenzas, xa sexa en estilos de aprendizaxe, en niveis de maduración, etc.

As medidas adoptadas deben ser unha resposta a todos e cada un dos alumnos/as e teñen que ser respectuosas coas súas características persoais.

Partindo destas premisas, suxírense, para cumprir coa atención á diversidade:

- Propostas de actividades con diversos graos de realización (reforzo e ampliación).
- Actividades diversas para traballar un mesmo contido.
- Diferentes tipos de agrupamentos na resolución das actividades: gran grupo, pequeno grupo e individual.
- Actividades que teñan aplicación na vida cotiá.
- Propostas que favorezan a expresión directa, a reflexión, a expresión e a comunicación.
- Contidos de aprendizaxe tratados de forma globalizada.
- Propostas de avaliación inicial ante un novo proceso de ensino-aprendizaxe.
- Utilización de procedementos e instrumentos de avaliación variados e diversos (cuestionarios, entrevistas, observación sistemática, probas obxectivas...).

## EDUCACIÓN EN VALORES

---

A LOE establece como un dos principios fundamentais «a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade cidadá democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza».

Así pois, no proceso educativo debe estimularse a adquisición dos valores tales como respectar e valorarse a un mesmo e aos demais, aceptar as normas, coidar o medio natural e autorregular a conduta no xogo, na convivencia e no traballo. Desta forma, lograrase a formación dun autoconcepto positivo e a construción da propia identidade. A adquisición destes valores fará dos alumnos cidadáns capaces de tomar decisións e de desenvolverse con éxito na sociedade á que teñen que incorporarse de maneira activa.

O desenvolvemento dos valores canaliza a totalidade da práctica docente a través das actividades e experiencias que realizan os nenos no seu traballo cotián na aula. Na transmisión dos valores, a actitude dos docentes na aula é determinante. Por isto, prestarase especial atención a ofrecerlles aos alumnos modelos de identificación, de modo que poidan interiorizar facilmente as condutas que deberán desenvolver.

As seguintes orientacións servirán como principios xerais que regulen a práctica docente e permitirán influír na transmisión de valores:

- Valorar por igual todos os logros dos alumnos.
- Evitar as descualificacións xerais cara aos traballos dos alumnos.

- Cando se indiquen fallos ou deficiencias, aportar a continuación suxestións sobre as posibilidades de superación destas.
- Destacar e premiar as condutas tolerantes e cooperativas.
- Aproveitar os conflitos que xurdan entre o alumnado para dialogar colectivamente sobre os modos de resolución posibles.
- Conseguir que o alumnado participen no establecemento das normas de convivencia na aula. Unha vez consensuadas, esixir o seu cumprimento.
- Ao terminar a xornada de traballo, dedicar uns momentos a analizar colectivamente o seu desenvolvemento, os incidentes que xurdisen, os problemas propostos e as formas elixidas de soluciónalos.
- Promover actividades que lle permitan ao neno adquirir os hábitos saudables básicos, tanto no ámbito físico coma no psíquico e no social: hixiene persoal, actividade e descanso, interacción social, autoestima...
- Tomar medidas útiles para previr enfermidades e accidentes e insistir no seu cumprimento, de maneira que, pouco a pouco, sexan os propios nenos os que suxiran este tipo de actuacións preventivas: abrigarse cando vai frío, protexerse do sol, lavar as mans...

## RELACIÓN COA FAMILIA

---

Un dos principios xerais da Educación Infantil é o de cooperar estreitamente coas familias desde o Centro mediante diversas vías:

- Solicitando a súa colaboración no desenvolvemento de propostas concretas.
- Informando dos contidos básicos que van traballando os alumnos, así como suxerindo orientacións sinxelas para reforzalos.
- Facéndoos partícipes dos valores e hábitos desenvolto na aula para traballar de forma coordinada.
- Realizaranse préstamos de libros semanalmente atendendo ás características de cada alumno ou alumna
- Todas as semanas unha familia levará para a súa casa un libro de experimentos do que se escollerá un para facer na aula.
- Proposta de actividades nas que as familias queiran prestar a súa colaboración. Poden estar relacionadas ou non co que nese momento se esté tratando no aula: contar un conto, facer un doce, un obradoiro de perruquería, explicar unha profesión dun familiar...



## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

---

Como docentes pensamos que a educación non só abrangue á escola, de aí a importancia da colaboración co Concello, Universidades, Centros de Formación, Museos e outras Institucións.

Para este curso propoñemos as seguintes actividades:

- Hospital de osiños, en colaboración coa Universidade.
- Obras de teatro e concertos (pendentes de confirmación): Concello, Auditorio, A Banca, Escola de Hostelería...
- Saídas ó entorno próximo.
- Saída de final de curso pendente de concretar.
- Outras actividades, tarefas ou saídas que poidan xurdir durante o curso.

## ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN TIC

---

Dende este nivel de Ed. Infantil pretendemos colaborar activamente con todas as propostas plantexadas dende o Equipo de TIC, contribuíndo positivamente ó proxecto.

## ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA

---

Tendo en conta a relevancia dunha boa convivencia de todos os axentes da comunidade educativa que debe existir en toda educación de calidade (a todos os niveis), e para un correcto aproveitamento do proceso de ensinanza-aprendizaxe, pretendemos colaborar activamente con todas as propostas plantexadas dende o Equipo de Convivencia.